

O BOE DESMONTA EN SÓ SEIS DÍAS O “ACORDO MARCO 2025–2028” ASINADO POR CSIF, UGT, CCOO E O GOBERNO

Seis días foron suficientes, menos dunha semana.

O 27 de novembro, os sindicatos estatais **CSIF, UGT e CCOO** anunciaban con entusiasmo o seu “gran acordo”: o *Acordo Marco para a Mellora do Emprego Público 2025–2028*. Falaban de avances históricos, de reformas integrais, de modernización, de carreira profesional, de igualdade, de dixitalización...

Pero a realidade tardou moi pouco en poñer as cousas no seu sitio. Coa publicación no BOE do **Real Decreto-lei 14/2025** (3 de decembro), as mentiras e o engano ao que someten estes **sindicatos (e o CSIF, UGT e CCOO)** ao persoal empregado público quedaron completamente ao descuberto.

1º INCUMPRIMENTO.- O BOE elimina dous anos do acordo (2027 e 2028)

O texto legal publicado no BOE límtase a regular **unicamente** os incrementos retributivos de **2025 e 2026** (arts. 1 e 2).

Non existe **nin unha soa referencia** aos anos **2027 nin 2028**, que no Acordo Marco formaban parte esencial dunha subida retributiva a catro anos.

2º INCUMPRIMENTO.- O BOE permite atrasar o pagamento dos atrasos ata 2028

Os sindicatos estatais venderon como “gran logro” que os atrasos de 2025 se cobrarían en decembro de 2025. Pois ben... o BOE di outra cousa.

No artigo 3 recóllese textualmente que,.... ***“Dicho abono podrá distribuirse durante los ejercicios 2026, 2027 y 2028”***.

É dicir, os atrasos que prometeron para decembro de 2025 poden demorarse **ata tres anos máis**.

3º INCUMPRIMENTO.- O BOE borra TODAS as reformas estruturais do Acordo

Nas 12 páxinas do Acordo Marco falábase de igualdade, carreira profesional, promoción interna, saúde laboral, conciliación, dixitalización, observatorios, mobilidade, procesos selectivos... Pois ben, no BOE **non aparece NADA diso**. O decreto reduce o pacto a unha mera suba salarial recortada e descarta por completo todas as reformas anunciadas.

Seis días

Ese foi o tempo necesario para demostrar que o Acordo Marco non era máis que unha **declaración de intencións baleira**, que se esfarelou en canto tocou o papel oficial.

A CIG denunciará este engano e continuará defendendo negociación real, garantías efectivas e dereitos dignos para todo o persoal público.